

CONVENIO DE COLABORACIÓN DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO PARA APOIO NAS CAMPAÑAS DE DOAZÓN DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, e de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, José Carlos López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, e de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de conformidade co Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

As partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Consellería de Sanidade e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, en diante ADOS, teñen interese en establecer un programa de voluntariado para a sensibilización directa e o apoio nas colleitas, ata a colaboración na comunicación dixital e na fidelización de doantes, coa finalidade última de asegurar que sempre haxa sangue dispoñible nos hospitais galegos para os pacientes que a necesitan.

SEGUNDO. Que á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 17 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a través da Dirección Xeral de Xuventude, correspóndenlle, entre outras funcións, a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.



TERCEIRO. No ámbito da Comunidade Autónoma, a citada Lei 10/2011, do 28 de novembro, sinala que a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de calquera sociedade moderna e democrática. Na actualidade constitúe tamén un compromiso que deben cumprir os poderes públicos, que se atopan compelidos a facilitaren e promoveren as condicións necesarias para facer efectiva a devandita participación.

Esta participación social vese consolidada cando as persoas e os grupos nos que se integran desenvolven por si mesmos, e dunha forma totalmente libre, altruísta e solidaria, actuacións que procuran o benestar social e a mellora da calidade de vida da comunidade. Cando estas actuacións deixan de ser un acto illado e espontáneo, e pasan a se efectuar nun marco institucional organizado e mediante entidades creadas *ad hoc*, é cando ten lugar o desenvolvemento dunha acción voluntaria.

A acción voluntaria é manifestación explícita da conciencia solidaria da cidadanía e fortalece a convivencia democrática, e debe ser, como xa queda dito, promovida polos poderes públicos. Son estes os que teñen a responsabilidade de crear as estruturas e o soporte legal preciso que posibilite, dende a liberdade, que a sociedade civil interveña no desenvolvemento de actividades e sectores de interese xeral e mais na consecución dos intereses públicos mediante a acción voluntaria.

No artigo 5.2 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, recóllese que aos efectos desta lei, considéranse incluídas dentro do ámbito da acción voluntaria a realización de actividades de interese xeral vinculadas coas de natureza sociosanitaria.

Por maior abastanza, o artigo 27.4º da Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas á Consellería de Sanidade poderá instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións e outros, de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse. Ningunha colaboración individual ou colectiva, implicará relación laboral coa administración sanitaria.

CUARTO. Que o *Programa de voluntariado para apoio nas campañas de doazón da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos* é un proxecto de concienciación e a participación cidadá, onde o voluntariado é un elemento clave para acadar a sostibilidade deste sistema público, 100% voluntario, altruísta e non remunerado, xa que os voluntarios e as voluntarias actúan como nexo entre a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e sociedade galega para tratar de garantir un fluxo constante de doazóns tódolos días do ano.

QUINTO. Tendo en conta o anterior, a Consellería de Sanidade, a ADOS e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude manifestan a súa vontade de colaborar na implantación dun programa de voluntariado para apoio nas campañas de doazón da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos, e con tal finalidade, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto.*

O obxecto do presente convenio de colaboración é establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e a ADOS, para a implantación dun programa de voluntariado para apoio nas campañas de doazón da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos.

Segunda. *Acción Voluntaria.*

A través do programa de voluntariado para apoio nas campañas de doazón da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a ADOS contarán coa colaboración das persoas voluntarias, seleccionadas pola Dirección Xeral de Xuventude interesadas en participar, para levar a cabo unha ou varias accións do programa e que se relacionan neste artigo. Entre as accións que se poden levar a cabo dentro do programa cómpre mencionar:

- Información e concienciación. O obxectivo primordial é formar e informar á poboación sobre a necesidade constante de doazóns, os requisitos de saúde, a seguridade do proceso, a facilidade do acto altruísta de doar, o enorme beneficio na saúde de miles de persoas, así como desmentir mitos e fomentar unha cultura de doazón regular e responsable a través das seguintes accións:
- Acolida e orientación nos lugares de doazón, unidades móbiles e locais de doazón da ADOS nos hospitais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol. As persoas voluntarias son a primeira cara amable que encontran os doantes. A súa labor inclúe dar a benvinda, resolver dúbidas básicas sobre o proceso, ofrecer apoio emocional a doantes de primeira vez e asegurar unha experiencia positiva que fomente a repetición. Poden tamén xestionar o fluxo de persoas para optimizar os tempos de espera.
- Distribución estratéxica de material informativo, tales como, repartir folletos, carteis, dípticos e outros materiais gráficos en lugares de alta afluencia. É crucial identificar os puntos onde a mensaxe terá maior visibilidade e impacto.
- Participación en feiras e eventos de saúde. Colaborar na atención de stands informativos en eventos públicos, feiras de saúde ou xornadas de concienciación, onde se poida interactuar directamente coa cidadanía e captar posibles doantes.
- Distribución de información (carteis, folletos, ...) nos días previos á colleita e no entorno das unidades móbiles de doazón de sangue naquelas colleitas que se realicen no ámbito xeográfico onde resida cada persoa voluntaria.
- Informar sobre a doazón de sangue, medula ósea e órganos ás persoas que residan no entorno xeográfico dos voluntarios e voluntarias (facultades, centros de formación profesional ou localidades) mediante o material informativo facilitado pola ADOS, ben uns



días antes da chegada da unidade móbil de doazón de sangue ou ben o propio día da colleita no entorno da unidade móbil.

- Facilitar e canalizar o impulso solidario acompañando ás persoas interesadas en doar ata as unidades móbiles de doazón de sangue.
- Atención e coidado aos doantes. Despois da doazón de sangue, é fundamental que o doador sexa atendido e se lle facilite bebida e alimentos lixeiros para a súa recuperación.
- Difusión e comunicación dixital. Na era dixital, as redes sociais e as plataformas online son ferramentas poderosas para a sensibilización e a mobilización. As persoas voluntarias poden amplificar a mensaxe e chegar a miles de persoas dende os seus dispositivos electrónicos.

É moi importante desenvolver un programa de voluntariado dixital para incrementar o alcance dos contidos que se xeren nas redes sociais da ADOS no ámbito xeográfico onde resida cada persoa voluntaria, entre outras, a través das seguintes accións:

- Dinamización de redes sociais. Compartir contido regularmente en plataformas como Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn ou TikTok. Isto inclúe compartir información sobre a necesidade de sangue e a doazón de órganos e tecidos. Compartir próximas colleitas de doazón, difundir testemuños de doantes e receptores do seu entorno, e difusión da celebración de fitos (Día Mundial do Doante).
- Desenvolvemento de micro-influencers. Identificar e capacitar a voluntarios e voluntarias cunha presenza significativa en redes sociais para que se convertan en "micro-influencers" da doazón, compartindo a súa experiencia e animando aos seus seguidores a unirse á causa.
- Axudar a difundir os contidos sobre a doazón de sangue, medula ósea e órganos xerados dende a ADOS (reels, píldoras informativas, ...) a través das súas redes sociais, whatsapp e envío de mails ás asociacións do ámbito de actuación da persoa voluntaria (facultades, centros de formación profesional e concellos).
- Colaboración na distribución de información para desenvolver campañas específicas nas épocas do ano de maior dificultade para manter estable a participación (verán e nadal).
- Fidelización, recoñecemento e xestión de doantes. A sostibilidade de sistema de doazón depende en gran medida da fidelización dos doantes existentes. Os voluntarios e voluntarias xogan un papel importante en manter o vínculo e o compromiso dos doantes regulares, a través das seguintes accións:
 - a) Apoio na celebración de eventos de recoñecemento. Colaborar na planificación de actos de homenaxe ou entrega de diplomas e distincións aos doantes máis comprometidos (por exemplo, por acadar un certo número de doazóns). Estes eventos reforzan o valor social da súa acción.



- b) Programas de "apadriñamento" ou mentoría: colaborar en programas onde doantes experimentados poidan "apadriñar" ou aconsellar a novos doantes, acompañándoos na súa primeira doazón, resolvendo as súas dúbidas e ofrecéndolles apoio. Isto pode reducir a ansiedade e aumentar a probabilidade de que o novo doante repita.
- c) Involucrar a doantes existentes no voluntariado. Animar aos doantes habituais a dar un paso máis e converterse en voluntarios. A súa experiencia como doantes lles da unha credibilidade e un coñecemento moi valiosos para a labor de concienciación e apoio.
- d) Recompilación de testemuños. Recoller historias e experiencias de doantes e receptores de sangue. Estas historias persoais son moi poderosas para ilustrar o impacto real da doazón e motivar a outros.

Terceira. Orzamento.

O presente convenio de colaboración de colaboración non suporá custo adicional para as partes implicadas no seu desenvolvemento, sen prexuízo da cobertura das persoas voluntarias polo seguro de accidentes e responsabilidade civil que se integra na póliza xeral que mantén a Dirección Xeral de Xuventude para todos os seus programas.

Cuarta. Compromisos das partes.

1. A ADOS, comprométese a:

- Impartir cursos de formación ás persoas voluntarias naqueles casos en que sexa preciso.
- Asumir a coordinación e supervisión do programa de voluntariado a desenvolver na súa área.
- Publicitar o programa a través da súa web.

2. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, comprométese a:

- Xestionar e supervisar a inscrición das persoas voluntarias a través da páxina web *voluntariadogalego.org*, procedendo posteriormente á súa selección por orde de inscrición, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos polo programa.
- Cubrir a través do seguro de accidentes e responsabilidade civil as persoas voluntarias que participan nos diferentes programas de humanización.
- Identificar e acreditar as persoas voluntarias.
- Garantir a formalización por parte das persoas voluntarias dun compromiso de confidencialidade respecto da información e datos persoais aos que puidesen ter acceso



durante o desenvolvemento do programa, o que se levará a cabo mediante a sinatura das correspondentes cartas de compromiso.

- Difundir as actividades obxecto deste convenio de colaboración mediante a súa inclusión na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e nas súas redes sociais.
- Supervisar as persoas voluntarias e coordinalas co persoal da ADOS designado para o efecto.

Quinta. *Inexistencia de relación laboral.*

As accións de voluntariado realizadas ao amparo de presente convenio de colaboración non orixinarán vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre as persoas voluntarias e as consellerías e organismos asinantes.

Sexta. *Protección de datos.*

As partes comprométense a manter o segredo en relación cos datos de carácter persoal dos usuarios da ADOS que afectan á súa intimidade e, en particular, a dar cumprimento ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se deroga a Directiva 95/46/CE así como o resto da lexislación vixente nesta materia.

Ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio de colaboración e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións convencionais entre as partes.

En consecuencia, as partes asinantes do presente convenio de colaboración e as persoas voluntarias que teñan acceso a datos de carácter persoal comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto a calquera das informacións, documentos ou datos de carácter persoal aos que puideran ter acceso e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e facer constar, de maneira expresa, que velaran polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

A ADOS terá acceso a aqueles datos de carácter persoal das persoas voluntarias, que sexan necesarios para o cumprimento do estipulado neste convenio. A ADOS unicamente tratará os datos das persoas voluntarias que lles facilite a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude conforme ás instrucións desta, comprometéndose a non aplicalos nin empregalos para fins diferentes dos previstos no presente convenio. Asemade comprométese a non comunicar tales datos, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.



Sétima. *Vixencia.*

Este convenio de colaboración de colaboración producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e ata o 1 de xullo de 2026, que se poderá prorrogar, por acordo expreso das partes, ata un máximo de catro anos adicionais. De producirse dito acordo de prórroga, deberá formalizarse en addenda ao convenio de colaboración antes da finalización do período de vixencia.

Oitava. *Comisión mixta de seguimento.*

Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente convenio de colaboración e coordinar as accións previstas, creárase unha comisión mixta de seguimento integrada pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, ou persoa que a substitúa, que a presidirá, e un representante da ADOS, designado pola súa presidencia, quen tamén poderá designar un suplente da persoa titular. A persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude designará ademais unha persoa que desenvolverá as funcións de secretaria, con voz pero sen voto. Serán competencias xerais desta comisión:

- A avaliación do desenvolvemento do presente convenio.
- Elevación de propostas de sucesivos programas.
- A proposta da prórroga do convenio de colaboración ou da súa rescisión.
- O estudo e asesoramento respecto de cantas cuestións sexan sometidas á Comisión por calquera das partes.

Novena. *Réxime xurídico e resolución de conflitos.*

Este convenio de colaboración de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.



As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décima. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- Incumprimento manifesto total ou parcial das obrigas asumidas por calquera das partes.
- A denuncia expresa dalgunha das partes, con previo aviso de, como mínimo, dous meses de antelación á finalización do prazo de vixencia do convenio de colaboración ou de calquera das súas prórrogas.
- Acordo mutuo das partes.
- Transcurso do prazo estipulado sen que se desenvolva o convenio.
- As demais causas previstas na lexislación vixente que resulte de aplicación.

Décimo primeira. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio de colaboración será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio de colaboración electrónicamente en Santiago de Compostela.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude,

José Carlos López Campos

O conselleiro de Sanidade e presidente da
Axencia Galega da Sangue, Órganos e
Tecidos

Antonio Gómez Caamaño

